



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVOCATORIA 2026 DE EXPRESIÓN DE INTERESE PARA A INCORPORACIÓN AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS) DE NOVOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

- 1. Grupos aos que vai dirixida:** todos os grupos de investigación do ámbito da biomedicina da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza e os grupos da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Do mesmo xeito, vai dirixida aos grupos Emerxentes ou Asociados Clínicos xa pertencentes ao IDIS que soliciten ser grupos Consolidados.
- 2.** O grupo de investigación terá unha persoa que contará como **“líder de grupo”**, que desenvolverá a súa actividade científica no instituto, e deberá ser persoal investigador ou clínico adscrito á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ou persoal docente-investigador da USC (con ou sen praza vinculada), ou persoal investigador do IDIS que cumpran os criterios establecidos na guía de acreditación do *Instituto de Salud Carlos III*.

Opcionalmente, o grupo poderá incluír un **co-líder de grupo**, no caso de considerarse necesario para a xestión do grupo, que asumirá funcións de apoio e corresponsabilidade científica na planificación, coordinación e desenvolvemento das actividades do grupo, así como na súa representación. Esta figura terá carácter estritamente interno e a súa designación non supón cambios administrativos, contractuais nin retributivos. En caso de perda da vinculación do líder principal do grupo co IDIS, o colíder asumirá automaticamente as funcións deste no grupo, garantindo así a continuidade da súa actividade e o cumprimento dos compromisos ante o Instituto.

- 3.** O grupo de investigación será a unidade formada por persoal investigador e técnico que contará con liñas de traballo, actividades de investigación, desenvolvemento e innovación cunha colaboración estable e con liñas de investigación compartidas, estando definido por unha temática concreta que corresponda cos obxectivos do IDIS, e de acordo coa súa misión, visión e valores.

Estará composto por un mínimo de 3 investigadores/as (5 no caso de grupos consolidados) que teñan vinculación laboral, funcional ou estatutaria co Servizo Galego de Saúde (adscritos/as á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza), Fundación Pública Galega IDIS ou USC, tendo un/ha a condición de líder, que actuará como responsable do mesmo.

Todo novo grupo deberá identificarse cun nome que responda ás liñas de investigación do grupo e que lle permita diferenciarse doutros grupos do IDIS. Poderá engadirse un acrónimo referido a súa denominación.

A denominación non poderá coincidir coa dunha área de investigación, outro grupo xa existente, nin ser tan xeral como para impedir a creación doutros grupos. Tampouco poderá inducir a confusión con nomes de entidades públicas ou privadas.

O grupo deberá indicar na solicitude a área de investigación do IDIS na que desexe ser integrado (A001 - Oncoloxía; A002 - Xenética e Bioloxía de Sistemas; A003 - Endocrinoloxía, Nutrición e Metabolismo; A004 - Neurociencias; A005 - Plataformas e Metodoloxía; A006 - Cardiovascular; A007 - Infectoloxía, Inflamación e Vacinas).

4. O novo grupo do IDIS deberá estar integrado por persoal investigador pertencentes a unha das entidades que conforman o vínculo xurídico do IDIS (Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Fundación Pública Galega IDIS ou Universidade de Santiago de Compostela) cuxa traxectoria investigadora estea e pretenda seguir estando intimamente ligada ao novo grupo de investigación do IDIS (persoal investigador adscrito), e por persoal técnico, pertencendo a algunha das seguintes categorías:
 - Categoría R1: Persoal investigador en primeira etapa formativa. Persoal investigador predoutoral beneficiario dalgún Programa de Recursos Humanos ou contratados con cargo a un proxecto, sempre que a persoa que dirixa ou titorice a súa tese pertenza ao grupo solicitante.
 - Categoría R2: PDI non permanente¹ da USC e investigadores/as recoñecidos/as que se atope en fase posdoutoral, e persoal asistencial .
 - Categoría R3:
 - PDI permanente da USC.
 - Persoal investigador adscrito á USC procedentes de Programas de referencia como o programa Oportunius-GAIN, ERC e similares ou adscritos/as no eido de Convenios institucionais con Organismos Públicos de Investigación.

¹ A efectos desta convocatoria enténdese por Investigador/a Non Permanente da USC a aqueles/as investigadores/as posdoutorais adscritos/as á USC no marco de Programas e Convocatorias Ramón y Cajal, Marie Curie, Investigadores/as Posdoutorais autonómicos, Investigadores/as do programa JIN, Investigadores/as de programas financiados por Fundacións privadas ou programas propios seleccionados en condición de competencia homologable.

- Profesores/as eméritos/as e *ad honorem* da USC.
 - Persoal investigador doutor do CSIC adscritos/as aos centros singulares da USC.
 - Persoal investigador establecido do Servizo Galego de Saúde e da Fundación Pública Galega IDIS, que teñan superada a etapa posdoutoral.
 - Persoal investigador asistencial que lideran algún proxecto de investigación obtido en convocatorias competitivas.
- Categoría R4: líderes de grupos de investigación e investigadores/as principais de proxectos que lideran liñas de investigación no centro ao que pertencen e que posúen unha experiencia científica contrastada.
 - Categoría RN: persoal investigador non doutor, pero que posúen unha traxectoria investigadora.
 - Persoal técnico e de xestión.

O persoal poderá formar parte dun único grupo de investigación do IDIS, non podendo pertencer a outro instituto de investigación sanitaria.

No caso de que as solicitudes inclúan a algún persoal investigador, técnico da USC deberán acompañar autorización da USC, que solicitarán a través do Vicerreitorado de Política Científica. No caso de incorporar a estudantes de doutoramento, deberase aportar xustificante de matrícula.

Non se poderá adscribir aquel persoal que manteña colaboracións puntuais co grupo de investigación do IDIS. Estes/as investigadores/as non formarán parte da composición do grupo do IDIS.

5. Prazo de presentación das expresións de interese: do 19 de xaneiro ao 9 de febreiro de 2026.
6. Documentación a presentar: a documentación de cada grupo presentárase no formulario anexo, e tramitárase no prazo indicado, a través da web do IDIS na seguinte ligazón: <https://www.idisantiago.es/convocatoria/convocatoria-2026-para-la-incorporacion-de-nuevos-grupos-al-idis>
7. Tipos e características dos grupos: poderanse presentar calquera das tipoloxías actualmente contempladas no IDIS, a saber: Grupos consolidados; Grupos emerxentes; Grupos asociados clínicos.

8. Criterios a ter en conta para a incorporación como GRUPO CONSOLIDADO

Aqueles grupos que contén con liñas de investigación estables, desenvolvidas con proxectos sucesivos. Para o cal deberán acreditar unha captación de recursos competitivos estables para o desenvolvemento dos seus obxectivos, unha produción científica en colaboración, de calidade contrastada, xunto coa actividade de innovación expresada no desenvolvemento de forma sostida no tempo de accións de innovación e traslación ao ámbito clínico e ao sector produtivo. Do mesmo xeito, demostrarán capacidade contrastada para a formación de persoal investigador e técnico. Para a súa incorporación valoraranse os seguintes aspectos:

- a. Número de investigadores/as adscritos/as nalguna das entidades que forman parte do vínculo xurídico do IDIS, tendo que ter un mínimo de 5.
- b. O/A líder de grupo debe ter a titulación de doutor con recoñecemento académico ou profesional no ámbito da saúde, con vinculación laboral, funcionarial ou estatutaria co Servizo Galego de Saúde (adscritos á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza), coa Fundación Pública Galega IDIS ou coa USC.
- c. Produción científica do grupo. Tendo que ter publicado, con autoría principal, nos últimos 3 anos, polo menos 10 publicacións en revistas do primeiro cuartil.
- d. Financiamento competitivo do grupo. Valorarase a captación en convocatorias competitivas públicas, estatais ou internacionais, de recursos para o desenvolvemento das súas liñas de investigación e incorporación de recursos humanos. Tendo polo menos un proxecto vixente, e no que polo menos un estea dirixido polo líder de grupo.
- e. Ter capacidade contrastada para a formación de persoal investigador, con dirección de teses de doutoramento.
- f. Valorarase a participación do grupo en actividades de innovación e transferencia (patentes, desenvolvemento de produtos sanitarios/dispositivos, etc.).
- g. O valor engadido que o grupo de investigación aportará no IDIS.

9. Criterios a ter en conta para a incorporación como GRUPO EMERXENTE

Consideraranse emerxentes aqueles grupos que conseguiran, de forma independente, financiamento para o seu primeiro proxecto en convocatorias competitivas estatais ou ben aqueles grupos con actividade estable, que nos últimos 5 anos, teñan polo menos 2 proxectos de investigación en convocatorias competitivas públicas, que contén con publicacións de calidade contrastada con autoría preferente. Para a súa incorporación valoraranse os seguintes aspectos:

- a. Número de investigadores/as adscritos/as nalgunha das entidades que forman parte do vínculo xurídico do IDIS, tendo que ter un mínimo de 3.
- b. O/A líder de grupo debe ter a titulación de doutor con recoñecemento académico ou profesional no ámbito da saúde, con vinculación laboral, funcionarial ou estatutaria co Servizo Galego de Saúde (adscritos á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza), coa Fundación IDIS ou coa USC.
- c. Produción científica do grupo. Tendo que ter publicado, nos últimos 5 anos, polo menos 5 publicacións en revistas do primeiro cuartil.
- d. Financiamento competitivo do grupo. Valorarase a captación en convocatorias competitivas públicas, tendo financiamento para desenvolver un mínimo de 2 proxectos autonómicos ou 1 nacional, nos últimos 5 anos.
- e. O valor engadido que o grupo de investigación aportará no IDIS.

10. Criterios a ter en conta para a incorporación como GRUPO ASOCIADO CLINICO

Terán esta consideración os grupos de profesionais con actividade clínica que amosen unha colaboración estable con outros grupos do Instituto, que desenvolvan actividades de captación, recollida de datos, análise de información en proxectos de investigación competitivos. Tamén poderán ser aqueles que contén con actividade investigadora en proxectos illados con financiamento non competitivo. Para a súa incorporación valoraranse os seguintes aspectos:

- a. Número de investigadores/as adscritos/as nalgunha das entidades que forman parte do vínculo xurídico do IDIS, tendo que ter un mínimo de 3.
- b. O/A líder do grupo debe ser persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e a maioría dos membros do equipo deberán pertencer ao Servizo Galego de

Saúde con funcións asistenciais.

- c. A participación en estudos clínicos nos últimos 5 anos.
- d. A participación en publicacións científicas nos últimos 5 anos.
- e. O valor engadido que o grupo de investigación aportará no IDIS.

11. Avaliación das expresións de interese.

As expresións de interese serán recibidas pola Dirección Científica que emitirá un informe que poderá resolver de forma favorable ou desfavorable, de acordo cos criterios establecidos. Este informe, poderá ser elaborado/consultado polo Comité Científico Interno do IDIS e, ademais, no caso das solicitudes de grupos consolidados, será necesario un informe favorable por parte do Comité Científico Externo.

O **informe final** será remitido ao líder solicitante a través do correo electrónico facilitado na solicitude.

Santiago de Compostela, a 16 de xaneiro de 2026

**MARIA LUZ
COUCE PICO -
76341512G**

Firmado digitalmente por
MARIA LUZ COUCE PICO -
76341512G
Fecha: 2026.01.16 12:04:56
+01'00'

M^a Luz Couce Pico
Directora Científica do IDIS